

15. AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

O cadro legal que regula a avaliación é o Artigo 9 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o epígrafe 9º do artigo 9 establece o número máximo de cursos que o alumnado pode realizar para superar un nivel: **“A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será, como máximo, do dobre da duración establecida na normativa vixente para cada nivel dos diferentes idiomas.”**

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe, de xeito que este afrontará o proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

15.1. Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

15.2. Avaliación de progreso (ou formativa)

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

15.3. Avaliación de promoción (ou sumativa)

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores **(A1, B1.1, C1.1)**, que será unificada e elaborada polo Departamento e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

No tocante á estrutura e valoración das probas, rexen os mesmos criterios que para as probas de certificación, como se especifica no punto 15.4.

Para os cursos non terminais de nivel realizarase unha proba de promoción. Esta proba terá lugar en maio-xuño, en convocatoria ordinaria, e haberá unha convocatoria

extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria.

A esta nota de promoción se lle engadirá unha nota de avaliación continua do alumnado segundo os seguintes criterios:

- rendemento e a participación do alumnado na aula: ata 0,5 puntos por destreza.
- asistencia á clase dun mínimo dun 60% : ata 1 punto por destreza.
- entrega de traballos: ata 1 punto por destreza.

Dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

15.3.1. Probas de promoción de A1

Constarán de 4 partes, cada unha delas cun valor máximo de 25 puntos :

- comprensión de textos orais
- produción, coprodución e mediación oral
- comprensión de textos escritos
- produción, coprodución e mediación escrita

Para promocionar, o alumnado deberá acadar un mínimo de 15 puntos en cada unha destas probas.

15.3.2. Probas de promoción de B1.1 e C1.1

Nestes niveis, avalíanse de xeito independente as 5 actividades de lingua seguintes:

- comprensión de textos orais
- produción e coprodución de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción e coprodución de textos escritos
- mediación

Esta última actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrárase, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba, así como a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Pero, de ser preciso, poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo caso, o alumnado

que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, haberá de presentarse na extraordinaria ás súas dúas partes, mediación oral e mediación escrita.

A puntuación total destas probas de promoción será de 125 puntos, xa que cada unha das 5 actividades de lingua nas que se estruturan terá un valor de 25 puntos. Para promocionar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% da puntuación total da proba, é dicir 81.25 puntos dos 125.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81.25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16.25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

15.4. Avaliación certificadora

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel (**A2, B1.2, B2, C1.2**) para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel. Estas probas permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos que figuran no Decreto 81/2018 e no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, así como os principios comúns de avaliación establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro.

Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

15.4.1. Probas de certificación de A2

Constarán de 4 partes, cada unha delas cun valor máximo de 25 puntos :

- comprensión de textos orais
- produción, coprodución e mediación oral
- comprensión de textos escritos
- produción, coprodución e mediación escrita

Para obter a certificación deste nivel, o alumnado deberá acadar un mínimo de 15 puntos en cada unha destas probas.

15.4.2. Probas de certificación de B1, B2 e C1

Nestes niveis, avalíanse de xeito independente as 5 actividades de lingua seguintes:

- comprensión de textos orais
- produción e coprodución de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción e coprodución de textos escritos
- mediación

Esta última actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrárase, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba, así como a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Pero, de ser preciso, poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo caso, o alumnado que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, haberá de presentarse na convocatoria extraordinaria ás súas dúas partes, mediación oral e mediación escrita.

A puntuación total destas probas de certificación será de 125 puntos, xa que cada unha das 5 actividades de lingua nas que se estruturan terá un valor de 25 puntos.

Para obter a certificación será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% da puntuación total da proba, é dicir 81.25 puntos dos 125.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81.25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16.25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Nestas probas poderá matricularse alumnado libre, nunha única convocatoria, que non terá que posuír os certificados dos niveis anteriores.

15.5. Autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.